



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2021/G007/000013

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA PONLLE MÚSICA 2026

Obxecto

Estas bases teñen por obxecto a regulación do réxime xurídico das subvencións ás entidades e grupos de música tradicional do Concello de Boqueixón co obxecto de contribuír á difusión e á promoción da música e o folclore local no termo municipal de Boqueixón durante o ano 2026.

Será obxecto deste programa de subvencións a participación dos grupos de música tradicional nas distintas festividades e eventos das parroquias do Concello de Boqueixón, sempre que non sexan organizados polo propio concello.

Entidades beneficiarias

Poderán participar na convocatoria as entidades e grupos de música tradicional que cumpran os seguintes requisitos no momento de presentar a solicitude:

- Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades ou asociacións do Concello de Boqueixón e contar con domicilio social e fiscal no Concello de Boqueixón.
- Non incorrer nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- No caso de entidades ou asociacións que foran beneficiarias de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Boqueixón, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello de Boqueixón, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Figurar entre os seus fins estatutarios os coincidentes co obxecto da subvención.
- Atoparse ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello así como no pago de deberes por reintegro de subvencións.
- Cumprir co resto dos requisitos da convocatoria

Gastos subvencionables

Participación dos grupos de música tradicional nas distintas festividades e eventos das parroquias do Concello de Boqueixón, sempre que non sexan organizados polo propio concello.

Contía das axudas e dispoñibilidade orzamentaria

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento do exercicio 2026 do Concello de Boqueixón na aplicación orzamentaria 334.480.00 por un importe máximo de 5.000 €.

O importe máximo a percibir por grupo e actuación é de 375 € ata un máximo de 1.875 € por un máximo de 5 actuacións en diferentes parroquias das incluídas no ámbito do programa.

Forma e prazo de solicitude

As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, e demais documentos presentaranse na Sede Electrónica do Concello de Boqueixón.

O prazo de presentación será dun (1) mes a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Documentación

- Solicitude de subvención
- Anexo I. Declaración responsable.

Normativa aplicable

Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Boqueixón.

Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 (PES).

Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

Bases de execución do Orzamento xeral da Entidade Local Concello de Boqueixón para o ano 2026.

.
